# FALAGUEIRA

| EDICIÓN LEMOS | DEPÓSITO LEGAL | MONFORTE HOXE | NÚMERO 1 |
|---|---|---|---|
| PRECIO 1.50€ | 27016662 | 25º/18º | ANO 2021-2022 |

## A IMPORTANCIA DOS ARTESÁNS

Comenza a recollida da sardiña para San Xoán

O pan mais rico da comarca páxina 8

As últimas tendencias para esta primavera páxina 15







RONDA EMILIA CASAS BAAMONDE S/N

27400 MONFORTE DE LEMOS

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.monforte@edu.xunta.gal

WEB: WWW.EDU.XUNTA.GAL/CENTROS/CEIPMONFORTE/

CEIP PLURILINGÜE DE MONFORTE DE LEMOS

# Falagueira

Semana da Prensa 2022 Artesáns



## artesáns





Son persoas



Que Fan



obxetos nos



obradoiros coas



mans e ferramentas

## Diferenzas



Obradoiros ≠ fábricas



producen pouco — producen moito



Poucas persoas — moitas persoas



traballo lento — traballo rápido



empregan ferramentas simples — empregan ferramentas complicada

En casa de ferreiro,
coitelo de pau.





Zapateiro aos teus zapatos

Vimos dunha romería
E mañá imos para outra



E así pasamos tempo
dunha romería en outra.

O CORGO

# DE MADRID A LUGO PARA APOSTAR POLA COSMÉTICA A BASE DE MEL.

Yara Rodríguez Pérez decidiu mudarse a Galicia en 2015. Ela, reconverteuse en apicultora, disposta a crear unha liña básica de produtos de cosmética a base de mel e vendelos a través dunha páxina WEB.




## UN SINFÍN DE PRODUTOS

Moldes, cheiros e texturas mestúranse na casa familiar de Yara, que elabora labiales, champús, xeles, cremas e mesmo xabóns. Para iso, utiliza, viño, mel e unha infinidade de herbas máis, que inclúen artiga, hortelá, romeu, loureiro, caléndula e mesmo lavanda. Yara montou na parroquia de Santalla do Alto (O Corgo) unhas colmeas e máis tamén un terreo en Castroverde. Coa chegada da pandemia dedidiu poñerse "en serio" e ir un paso máis alá para desenvolver unha afección.



Yara elabora en Lugo infinidade de produtos a base de mel.

Actualmente, ten 10 colmeas.

## UNGÜENTOS E PROPÓLEO

"Agora mesmo o que me funciona é o boca a boca, pero eu quero saír ao mercado, profesionalizarme", conta. Ademais de xabóns ou produtos de beleza, ofrece ungüentos de árnica para os negróns, que é bo para as defensas e moi difícil de conseguir. Yara mira ao seu futuro en Galicia e por iso está a buscar unha casa nas proximidades da cidade que a ten encadeada, amurallada.

Falagueira- Semana da Prensa 2022 Artesáns

# Recuperemos profesións.

## A importancia dos canteiros


Maza


Buxardo




Escuadra


Marra


Chumbo

Teñen ferramentas específicas


Lina


Escoda


Pico


Cicel


Maceta


Punta


Chillo


Paulferro





Os canteiros firmaban os seus traballos.



Moitos edificios foron construidos por estes artesáns.
O hotel Áurea Palacio de Sober convocou o I certame de canteiros.
celebrarase o 4 de xuño de 2022

1ºB

# Os Carpinteiros.

A carpintaría é unha actividade comercial na cal o traballo primario é o corte, a construción de edificios, barcos, pontes, piares etc. Tradicionalmente, os carpinteiros traballaron con madeira natural, mais hoxe moitos outros materiais son tamén empregados. É tamén común, que a habilidade da carpintería sexa aprendida, para conseguir o traballo a través dun programa de adestramento formal.



## Etimoloxía:

A palabra "carpinteiro" é a interpretación galega da palabra do francés antigo "carpentier" ou "charpentier".

## Instrumental:

Algunhas das ferramentas empregadas na carpintaría son: a machada, a aiscola, o banco de carpinteiro, serra, serrón, garlopa e garlopín, lapis de carpinteiro, cepillo, mazo, martelo, trade, trencha, alicate, tenaces ou desaparafusador, por citar algúns exemplos.



## Refraneiro:

- Ollo de barbeiro metro de carpinteiro.
- Na casa do carpinteiro a porta no chau.
- Na casa do carpinteiro sentanse no chan.
- Machada de carpinteiro, calzón de ferreiro e filla de taberneiro non as queiras por ningún diñeiro.

Alumnos/as de 2.ºB (E. Primaria)

# O OFICIO DOS CESTEIROS



Avelino García, foi un importante cesteiro da Ribeira Sacra.

Os traballos de artesanía teñen como orixe os oficios populares que antigamente tiñan coma misión a fabricación de obxectos cotidianos que facilitasen a vida dos habitantes dos pobos e aldeas.

Os avances tecnolóxicos van cambiando a súa función, hoxe máis estética e decorativa.

O labor dos cesteiros foi esencial por fabricar cestas de mimbre para a recollida dos produtos ou a sembra deles.







## IDOIA CUESTA: Cesteira contemporánea.



Chegou a Galicia dende o País Vasco, modernizando a cestería tradicional. Abriu o seu taller en Outeiro de Rei e non parou de innovar. O seu segredo é mesclar técnicas.

Falagueira Semana da Prensa 2022 Artesáns

# Historia con agulla e fío

## Costura, traballo e pasatempo

A costura nace dunha necesidade primaria, para protexerse, e pasa á converterse nunha actividade comercial e de luxo. No paleolítico aparecen cosidos con agullas de ósos e cornos de animais, fíos de pel e tendóns.



A roca e o tear son inventos do neolítico cos que facían teas de la, liño, algodón e seda, máis tardde tinguíronas de cores, na India, Perú, China... De feito os Chinos inventaron o tear no 200 a.C.

## Historia da máquina de coser



En 1846 Elias Howe de Nueva York patentou a primeira máquina de coser, e con ela iniciouse a produción de prendas en serie a gran escala.

Isaac Singuer introduciu en 1851 a primeira máquina de coser doméstica.

Falagueira- Semana da Prensa 2022 Artesáns

# OS FERREIROS

## EL MOTIVO DE MIS VERSOS.

Canta el forzado en su fatal tormento,
y al son del remo el marinero canta,
cantando, al sueño el pecador espanta,
y el cautivo cantando está contento.

al artesano en su entretenimiento
le divierte la voz de su garganta,
canta el herrero que el metal quebranta,
y canta el desvalido macilento.

El más infortunado entre sus penas
con la armónica voz mitiga el llanto,
y el peso de sus bárbaras cadenas;

pues si el dulce cantar consuela tanto
al misero mortal en sus faenas,
yo por burlar mis desventuras canto.

Manuel de Zequeira y Arango.



REIXAS



ENREIXADOS



Nesta imaxe podemos observar un conxunto de ferramentas vellas nunha ferrería antiga.



O ferreiro traballa na súa ferrería para gañarse a vida.

**É un oficio moi duro e moi escravo!**

3ºB

■ Monforte de Lemos

# Os muiñeiros quéixanse das subidas do trigo



O trigo subiu un 40%

Polas circunstancias e os desacordos entre Rusia e Ucrania, un dos países (Ucraína) non exporta mundialmente alimentos e mentres que Rusia envía algúns países pero a súa idea principal é que os seus cidadáns se alimenten.

A participación que antes había en exportacións mundiais era dun 29% en trigo e un 19% en millo, e agora como xa apenas exportan, os prezos dispáranse moito. De feito o trigo ten o maior prezo dende 2008.

Entón, a India está no seu momento porque os seus competidores están agora nunha crise e teñen que aproveitar xa que antes producía moito pero por un prezo moi elevado.

Por exemplo, o mercado de trigo subiu un 40% fai dúas semanas. En Europa medra a demanda do trigo e espérase que siga aumentando.

Cando se lle preguntou a Xosé da Fonte sobre como lle vai o negocio, el respondeu que bastante ben, aínda que coa guerra subira moito o prezo do trigo e isto complicaba a compra-venda deste produto. Alumos/as de 5ºA.



Os muiñeiros e os panadeiros ven moi afectado o seu sector.

# « Isto non se aprende en dous anos »

Laura López



Miriam Fernández é a galega máis xove en activo no mundo do telar. Xunto a súa nai, rescenta o taller Ensaiola, investiga sobre o téxtil na historia e traballa recuperar a cultura do liño.



Hai anos case todas as casas da comarca da Terra Chá contaban cun telar, un [illegible] co que as mulleres confeccionaban prendas para o día a día ademais era o sustento económico das súas familias. En torno a ese elemento, o telar, foise tecendo tamén todo un universo de tradicións, celebracións, utensilios, tempos, e incluso léxico que xa forma parte do patrimonio inmaterial galego.

Mirian Fernández Otero (San Bartolomé de Insua Vilalba 1990) é un dos pilares que na actualidade mantén viva a cultura do liño e recolle o testigo de xeracións de chairegos. Ela é, ademais, a tecedora en activo máis xove de Galicia.

11 de marzo de 202

# O ESPAÑOL DOMI VÉLEZ MELLOR PANADEIRO DO MUNDO

O sevillano leva 25 anos de traballo e investigación en Lebrija.



Foto: CEOPPAN

Elabora un dos seus moitos panes con infusión de flor chícharo de bolboreta. Por esa orixinalidade, o lebrixano convirtiuse este martes no mellor panadeiro do mundo.

Con 44 anos, consiguiu o Óscar da panadería, o premio World Baker 2021, otorgado en Múnich.

SUPERMERCADOS Xoán Pérez.

## QUE PODE ENSINARNOS SOBRE A FELICIDADE UN PANADEIRO DA ANTIGA POMPEIA

O panadeiro pompeiano escolleu colocar unha placa no seu lugar de traballo despois da erupción do Vesubio. A súa vida estivo chea de inestabilidade. Quizais a placa que colocou foi unha maneira de dicir que traballar con sentido mellora a nosa felicidade.

## OS MÁIS DE 3000 KM QUE PERCORRERÁ UN PANADEIRO DE ALBACETE PARA TRAER A 6 UCRANIANOS A ESPAÑA

Iván Megallares quería axudar como fose e decidiu buscar algunha ONG que xestionase unha viaxe na súa furgoneta de sete prazas.

A historia de Iván é a de moitos guadalaxareños, españois ou europeos espantados polas tráxicas consecuencias da guerra en Ucrania.



## A MULLER NO SECTOR PESQUEIRO EN GALICIA

A industria pesqueira supón para Galicia moito máis que un negocio. Trátase dun estilo de vida que repercute na cultura local e na economía en Galicia.

A costa galega está salpicada de cidades, pobos e aldeas que acaban as súas rías nas rías, poboadas de bateas e barcas de cores.

Nas localidades máis grandes, os portos adquiren dimensións épicas sendo parte principal da paisaxe das nosas cidades.

As mulleres dedicadas ao sector pesqueiro son parte fundamental de toda a economía relacionada co mar.

Elas son coñecedoras do produto, entenden mellor que ninguén, a necesidade de manter un equilibrio coa natureza e de deixar medrar as especies. É tan importante o seu traballo para as súas familias como para as empresas, ás que nutren dos bens comúns que o mar nos ofrece. Desde os postos das prazas ata grandes compañías familiares.



A pesar dese papel fundamental da muller no noso sector pesqueiro a diferenza entre o soldo dos homes e mulleres do mar segue sendo evidente, polo que todas e todos deberemos seguir loitando polo recoñecemento dos dereitos das mulleres do mar.

## POLBO Á FEIRA

Ingredientes (2 persoas):

- 500 gr polbo
- 1 cullerada pemento doce
- 1 culleradiña pemento picante
- 2 culleradas aceite de oliva.
- sal.

Instrucións paso a paso:

Poñer a ferver abundante auga sen sal (sálgase unha vez cocido).

Cando a auga está a ferver, coller o polbo pola cabeza e mergullalo tres veces na auga. Á cuarta vez deixalo xa para cocer.

Cocer de 20 a 30 minutos, dependendo do tamaño do polbo.

Deixar repousar na auga un intre (10 a 15 minutos) e logo escoar e picar con tesoiras.

Aderezar con sal groso, aceite e pemento e servir.



# Falagueira

Semana da Prensa 2022 — Artesáns

## Os zapateiros

Persoa que elabora, vende ou amaña calzado. Na idade media, os zapateiros -un dos oficios máis antiguos- agrupábanse en gremios oficiais, que contaban con regulamento, procuraban o seu desenvolvemento profesional e tiñan, cada un, o seu patrón. Trala desaparición destas corporacións polo desenvolvemento industrial do século XIX, fíxose frecuente a figura do zapateiro ambulante, que andaba en busca de calzado, coa sua escasa ferramenta, facendo pequenos arranxos.




## Profesións Artesanais

Hai oficios artesanais que ultimamente esperta o interese dos máis mozos. Neste caso é o dos



zapateiros, un traballo que ademais de paciencia e coñecemento necesita moitas horas de práctica. Un zapateiro é unha persoa que se dedica profesionalmente a fabricar ou vender zapatos, mais expecificamente os zapateros modifican e reparan calzado, ou outros artigos de coiro natural ou artificial, como maletas, bolsos e cintos.

Os materiais mais utilizados á hora de facer un calzado son: coiro, tea, coiro sintético, goma, escuma e plástico. Cada un ten un uso específico en canto ao calzado e, segundo o diseño, cada material terá cábida nel.

Algúns dos tipos de zapatos son: tenis, botas de fútbol, botas, botas de auga, bailarinas, botín, calzado de protección ... ou zocos.

Os zocos naceron en tempos agrícolas nas rexións máis húmidas de Europa.



Un calzado típico en zonas como Suecie, Holanda, Inglaterra, Galicia, Asturias ou Cantabria.



# Falagueira-

Semana da Prensa 2022 — Artesáns

## Partes do zapato

O zapato baixo está constituido, especialmente os feitos a man, polas seguintes pezas: a sola, a biqueira, a empeña, a lingüeta e o calcañar; porén o zapato alto ten dúas pezas máis: o tirante e a cana.





## Ferramentas

Cortador: Esta ferramenta foi creada para cortar o coiro que fará o zapato, conseguido o patrón, o modelo e a talla que se quere para devandito zapato

Lámina de aceiro cortador: Úsase para o coiro de solas, tops, tacóns e contrafortes para que o modelo de zapato sexa diseñado nun momento concreto.

A tira de corda de aceiro: Utilízase para cortar toda a pel dun foro ou empeño e así facer un deseño de calzado por parte dun zapateiro.

Martelo de zapateiro: e deuse a calidade de poder fixar calquera pel no último 'dun de forma provisional ata chegar a coser a costura.

Gubia: A ferramenta do zapateiro utilízase para cavar a sola e conseguir a costura do zapato, na actualidade e debido cos avances que se están facendo, foi substituída por unha máquina que fai o mesmo traballo para o

O martelo de galgo: O plantexamento deste zapateiro caracterízase pola súa punta fina e longa para lavar os distintos tacóns e saber asentar a sola nos lugares de difícil acceso, como a parte dianteira dos tacóns, ata calquera zapato.

Punzóns: Con este instrumento, é posible fixar buratos no coiro do zapato e tamén diferentes bordados para decorar o calzado...



# OS ZOQUEIROS

## Quen son?

Persoas que se dedicaban a fabricación de zocos e zocas.

O oficio foi notable ata o século XX época na que comezou a desaparecer. Os zocos foron substituídos polo calzado de coiro e goma.



## Como se facían as zocas?

Os zoqueiros facían as zocas, calzado totalmente de madeira (como se pode ver na fotografía).

Para poder facelas, os zoqueiros seguían unha orde:



Zocas

1- Serrar co tronzón a madeira (ameneiro) en anacos.

2- Dividen a madeira en 4 partes, do tamaño das zocas, co machado e o mazo.

3- A cada anaco dáselle forma no burro de debastar.

4- A forma externa fórmase co machado e a aixola.

5- Logo, pásase no burro de escabar para baleirar o interior coas trades, o macico, as gubias e as legras.

6- Repásase a peza co coitelo e alísase co revocador con axuda do prato.

7- Fánselle uns debuxos co repenico.

Os zocos teñen diferentes formas segundo a zona.

## As ferramentas:

- Tronzón: Serve para partir ou serrar
- Machado: Ferramenta cortante con mango longo para partir leña.
- Mazo: Martelo groso e pesado de madeira para petar.
- Burro de debastar: Obxecto onde se coloca a zoca para darlle forma.



- Aixola: Ferramenta usada para desbastar a madeira.
- Burro de escabar: obxecto onde se coloca a zoca para baleirar.
- Trades: Instrumentos para perforar madeira.
- Macico: Mazo pequeno de madeira.
- Gubia: Formón de media cana

# Falagueira

Semana da Prensa 2022 Artesáns

que usan carpinteiros e zo_
queiros.

- Legra: Ferramenta para facer a parte interior da zoca.
- Coitelo: Instrumento cortante con folla de aceiro e mango.

Prato: Nome dado a diversos obxectos redondos e plano.

- Repenico: Adorno.
- Revocador: Coitelo curto e estreito para limpar a beira interior das zocas.

Zocas



Zocos

